

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:20 horas do día 30 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez (asiste a todos os puntos agás o 2b, 5a e 5b)
D. Carlos López Font (asiste aos puntos 2b, 5a e 5b)
- Vocais:** D. Pablo Olmos Pita
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D^a. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 8c, 8d, 9c, 9d, 10b e 10c)
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste ao punto 4a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 25 de abril de 2018

Apróbase a acta da sesión do 25 de abril de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda

b) Acta da sesión do 26 de abril de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a T-SYSTEMS IBERIA, S.L.U. por ter presentado correctamente a declaración



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

responsable incluída como Anexo II.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADAS S.L. (SAVIA) por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

		Prezo Lote 1	Prezo Lote 2	Prezo Lote 3	Prezo Lote 4	Prezo Lote 5	Prezo Lote 6	Prezo Lote 7	Prezo Lote 8	Prezo Lote 9	Saída bus	Atenc. menos neces. espec.
1	ALVITE WAISMAN "IMAXINA SERVICIOS EDUCATIVOS E CULTURAIS" (lote 4)				36.616,80						SI	NON
2.	MR PICKWICK SCHOOL, S.L. (lote 5,6,7,8)					12.601,95	12.678,91	12.293,91	8.214,27		SI (para os 4 lotes)	NON (para os 4 lotes)
3	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 5 e 9)					12.495,54				33.909,55	SI (para os 2 lotes)	SI (para os 2 lotes)
4	GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN,				36.498,78						SI	SI



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



		Prezo Lote 1	Prezo Lote 2	Prezo Lote 3	Prezo Lote 4	Prezo Lote 5	Prezo Lote 6	Prezo Lote 7	Prezo Lote 8	Prezo Lote 9	Saída bus	Atenc. nenos neces. espec.
	S.L. (lote 4)											
5	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (lotes 1, 2 e 3)	20.008,29	36.294,08	20.008,29							NON (para os 3 lotes)	NON (para os 3 lotes)
6	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTES, S.L. (lotes 4 e 9)				40.951,11					42.465,45	NON (lote 4) SI (lote 9)	NON (lote 4) SI (lote 9)
7 10.	SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lotes 4, 5, 6 e 7)				33.539,00	12.573,00	12.573,00	12.573,00			SI (para os 4 lotes)	SI (para os 4 lotes)
8 11.	CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L. (lotes 5, 6 e 7)					13.652,57	13.652,57	13.652,57			SI (para os 3 lotes)	SI (para os 3 lotes)

* Todos os licitadores achegan o orzamento detallado esixido no PCAP agás SERVIPLUSTOTAL, S.L.

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor e conceder un prazo de tres días hábiles a SERVIPLUSTOTAL, S.L. para que presente o orzamento detallado esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP para cada un dos lotes aos que licita (lotes 4, 5, 6 e 7).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	455.462,10 €
2	ELSAMEX, S.A.	468.287,82 €
3	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	436.670,93 €
4	ORECO, S.A.	464.112,01 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo
5	ORESA, S.L.	461.725,82 €
6	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	467.989,56 €
7	COPCISA, S.A.	484.573,50 €
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	488.614,83 €
9	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	455.939,34 €

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción e D. Alexandre Fernández Barros, con DNI 47.374.936-L, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	382.186,76 €
2	COPCISA, S.A.	339.769,16 €
3	ORESA, S.L.	358.208,79 €
4	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	360.184,48 €
5	ELSAMEX, S.A.	370.674,36 €
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	344.096,82 €
7	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	349.976,81 €
8	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	363.853,58 €
9	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	358.208,79 €
10	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI S.L.)	372.500,00 €
11	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	380.950,00 €
12	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES COVELO-SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	390.830,00 €
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	328.761,82 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo
14	NAROM, S.L.	352.328,80 €
15	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	344.567,22 €

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción e D. Alexandre Fernández Barros, con DNI 47.374.936-L, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113)

En acto público ábrese o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula" de T-SYSTEMS IBERIA, S.L.U. co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo mantemento	Prezo/hora asistencia e asesoramento	Horas/ano sen custe
1	T-SYSTEMS IBERIA, S.L.U.	29.029,86 €	89,66	0

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica e económica ao servizo xestor.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

En acto público ábrese o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula" de SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADAS S.L. (SAVIA) co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Prezo hora prestación asistencia e asesoramento técnico	Nº horas/ano
1	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA	50.820,00	81,25	0



O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica e económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 20 de abril de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 19 de abril, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. COPCISA, S.A.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 25 de abril de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emitiu informe sobre a xustificación presentada, no que conclúe *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 26 de abril de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440) (informe sobre C con proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 26 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 25 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 26 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 26 de abril de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 26 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 25 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 26 de abril de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 25 de abril de 2018:

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,77
2	HIDROMIÑO, S.L.	94,71
3	CIVISGLOBAL S.L.U.	93,78
4	AVAN INTEGRAL SL	93,36
5	MISTURAS, S.A.	93,19
6	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXC. Y TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L.	93,08
7	ORESA, S.L.	92,66
8	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	90,64
9	ORECO, S.A.	90,26
10	DRAGADOS, S.A.	90,21
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	90,07
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	89,55
13	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	87,26
14	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	86,99
15	HORDESCON, S.L.	83,59
16	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	83,45
17	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	81,97
18	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	80,14
19	ELSAMEX, S.A.	79,39

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 866,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptado pola Mesa de Contratación

- Sesión do 12 de febreiro de 2018: a Mesa acordou non admitir neste procedemento de ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas.
- Sesión do 15 de marzo de 2018: a Mesa acordou excluír a ELSAMEX S.A. por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (“*Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC*”).
- Sesión do 19 de abril de 2018:
 - A Mesa acordou excluír a CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. e UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.- SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (“*Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC*”).
 - A Mesa acordou excluír a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. por incompatibilidade (artigo 56 do TRLCSP), ao ter participado na elaboración dos documentos preparatorios do contrato podendo supoñer esta participación un trato privilexiado con respecto aos demais licitadores.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	94,00
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	79,88

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 982,00 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntos
1	BRINCATEL ESPAÑA, S.L.	83,00
2	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.	77,50
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	76,28
4	LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	25,26

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRINCATEL ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 977,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:13	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CED1BH-D347EA-S8HT7N-UGQVGS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		